

*Proxecto de orde .... de.....de 2023 pola que se modifica a Orde do 27 de xullo de 2012 pola que se regulan os tamaños mínimos de diversos produtos pesqueiros na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O Estatuto de autonomía de Galicia recolle no artigo 27.15 a competencia exclusiva en materia de "pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura". No exercicio das competencias recollidas no Estatuto de autonomía, ditouse a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, cuxo artigo 3 establece que as disposicións da presente lei, en función das materias obxecto da súa regulación, terán como ámbito de aplicación territorial, entre outras, as relativas ao exercicio do marisqueo, que serán de aplicación na zona marítimo terrestre, as augas marítimas interiores, o mar territorial e a zona económica exclusiva correspondente ao litoral de Galicia.

Así mesmo, o artigo 6 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, contempla que a política pesqueira galega terá como obxectivo, en relación coa conservación e a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, entre outros, os de establecemento e regulación de medidas dirixidas á conservación, a xestión e a explotación responsable, racional e sostible dos recursos mariños vivos. Neste sentido, o artigo 7.2 establece que, co fin de asegurar os obxectivos da política pesqueira de Galicia, a consellería competente en materia de pesca, previa audiencia do sector afectado, poderá adoptar diversas medidas, entre elas, a fixación de tallas e pesos mínimos ou outras medidas de conservación das especies.

En base á previsión legislativa recollida nesta Lei de pesca, co obxectivo de harmonizar a normativa autonómica coa nacional e comunitaria, aprobouse a Orde do 27 de xullo de 2012 pola que se regulan os tamaños mínimos de diversos produtos pesqueiros na Comunidade Autónoma de Galicia. A este respecto, o Anexo I-B contempla o tamaño mínimo para o polbo (*Octopus vulgaris*) en 1.000 gramos. Este tamaño mínimo é de aplicación en todas as fases da cadea de produción e distribución do polbo, contada desde o momento da súa captura ata a fase da venda polo miúdo.

Por outra parte, o Regulamento (UE) 2019/1241 do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de xuño de 2019 sobre a conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños con medidas técnicas, e polo que se modifican os Regulamentos (CE) nº 2019/2006 e (CE) nº 1224/2009 do Consello e os Regulamentos (UE) nº 1380/2013, (UE) 2016/1139, (UE) 2018/973, (UE) 2019/472 e (UE) 2019/1022 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 894/97, (CE) nº 850/98, (CE) nº 2549/2000, (CE) nº 254/2002, (CE) nº 812/2004 e (CE) nº 2187/2005 do Consello, establece no seu artigo 13 as tallas mínimas de referencia a efectos de conservación. Así, a Parte A do anexo VII do dito Regulamento, recolle a talla mínima de referencia a efectos de conservación para o polbo (*Octopus vulgaris*) nas augas suroccidentais en 750 gramos.



No transcurso destes anos, as organizacións sectoriais da pesca de Galicia veñen formulando peticións sustentadas en que o polbo, durante as fases da cadea de produción e distribución, experimenta unha diminución no seu peso alcanzando valores inferiores ao tamaño mínimo regulamentario de 1000 gramos. A este respecto, un informe sobre a comprobación e rexistro de pesadas do polbo en determinados intervalos de tempo, recolle como resultado que poden existir diferenzas de diminución do peso debido á sensible perda de auga. En consecuencia, podémosnos atopar que exemplares que alcanzan 1.000 gramos de peso, sufran unha perda no seu tamaño mínimo logo do seu desembarque.

Polo tanto, unha vez comprobada a diminución de peso do polbo, resulta convinte manter o tamaño mínimo de 1.000 gramos ata o momento do desembarque, e unha marxe de tolerancia de 50 gramos aplicable unha vez realizada e rexistrada a pesada no momento do desembarque. A posibilidade de aplicar unha marxe de tolerancia ven recollida no artigo 6, número 1, letra b) do Real Decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros. Así, en base a esta previsión normativa, resulta oportuno ter en consideración a aplicación da dita marxe de tolerancia para o polbo de 50 gramos.

De igual modo, tamén é relevante establecer a delimitación entre a primeira descarga, entendida aquí como o momento do desembarque, no que cómpre manter o tamaño mínimo de 1.000 gramos, e o momento a partires do cal resulta de aplicación a marxe de tolerancia do polbo de 50 gramos. Para iso, o artigo 60.2 do Regulamento (CE) nº 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común, se modifican os Regulamentos (CE) nº 847/96, (CE) nº 2371/2002, (CE) nº 811/2004, (CE) nº 768/2005, (CE) nº 2115/2005, (CE) nº 2166/2005, (CE) nº 388/2006, (CE) nº 509/2007, (CE) nº 676/2007, (CE) nº 1098/2007, (CE) nº 1300/2008 e (CE) nº 1342/2008 e se derrogan os Regulamentos (CEE) nº 2847/93, (CE) nº 1627/94 e (CE) nº 1966/2006, establece que, sen prexuízo das disposicións específicas aplicables, a pesada realizarase no momento do desembarque, antes de que os produtos da pesca sexan almacenados, transportados ou revendidos. En consecuencia, a aplicación da marxe de tolerancia de 50 gramos prodúcese unha vez realizada e rexistrada a pesada no momento do desembarque.

Finalmente, á vista do sinalado, resulta convinte e oportuno, sen prexuízo da aplicabilidade directa do citado Regulamento (UE) 2019/1241 sobre a conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños con medidas técnicas, manter un tamaño mínimo aplicable ata o momento do desembarque de 1.000 gramos e unha marxe de tolerancia de 50 gramos logo de realizada e rexistrada a pesada no momento do dito desembarque. Deste modo, co fin de evitar valores de peso do polbo inferiores ao mínimo establecido pola lexislación autonómica durante as fases da cadea de produción e distribución, e polo tanto, susceptibles de incumprimento do establecido na normativa vixente en materia de tamaños mínimos, establécese unha marxe de tolerancia de 50 gramos de perda de peso aos efectos de corrixir estas diferenzas e, en consecuencia, asegurar o cumprimento da normativa autonómica por parte dos operadores pesqueiros.

En virtude do exposto anteriormente, logo da consulta ao sector afectado, e de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación da Orde do 27 de xullo de 2012 pola que se regulan os tamaños mínimos de diversos produtos pesqueiros na Comunidade Autónoma de Galicia*

A letra b.1) do número 4 do artigo 6 da Orde do 27 de xullo de 2012 pola que se regulan os tamaños mínimos de diversos produtos pesqueiros na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactada como segue:

“b.1) O polbo farase polo peso total unitario, admitíndose unha marxe de tolerancia de 50 gramos de perda de peso, logo de realizada e rexistrada a pesada no momento do desembarque.”

Disposición derradeira única. *Publicación e entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,        de        de 2023  
A conselleira do Mar

Rosa M<sup>a</sup> Quintana Carballo